



A Mesa do Parlamento acorda a publicación das declaracións de bens dos deputados

Santiago, 25 de marzo de 2013.- A Mesa do Parlamento de Galicia acordou, na súa reunión desta tarde, a publicación das declaracións de bens e de rendas presentadas polos deputados e deputadas. A publicación efectuarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na web institucional da Cámara.

A Mesa da Cámara cualificou un total de 66 declaracións de bens, xa que 8 deputados e deputadas de AGE non as presentaron e un deputado do BNG toma posesión mañá.

Dase cumprimento, deste xeito, ao acordo da Mesa e Xunta de Portavoces do pasado 21 de febreiro, na que se abriu un prazo para a presentación de declaracións que rematou o pasado sábado, 23 de marzo.

As declaracións de bens pódense consultar no seguinte enlace:

<http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/contenidogal/InformacionInstitucional/ComposicionBens.aspx#sec5>

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.